



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, *Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa*, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 28/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS, NAIS E RESPONSABLES DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pais/nais/responsables**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. Outro será elixido pola ANPA e un terceiro será elixido no sorteo por dous anos por non quedar ningún candidato da anterior elección no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 29 de outubro está exposto na secretaría do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 8 de novembro.**

4.- As votacións realizaranse neste IES o día 18 de novembro, de 18 a 20 horas no



hall de entrada do IES. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:50 horas.

5.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** do/as candidato/as presentado/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

6.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

7.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

ANIMÁDEVOS A PRESENTAR CANDIDATURAS

Noia, 29 de outubro de 2024
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Jorge Villa Martínez